

CERTIFICO : Que a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día **DEZAOITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL QUINCE**, entre outros, adoptou o seguinte acordo :

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA INCOAR PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO ASINADO CON D^a. MARÍA CONSUELO OUTÓN OTERO DO “SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE BALTAR E CANELAS, ASÍ COMO A CESIÓN DE MATERIAL PARA A EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS NESTAS DÚAS PRAIAS (Lote B)” : Dáse conta da Proposta da Alcaldía de 23 de Novembro de 2015, que literalmente di :

“””””O Concello de Sanxenxo asinou o 20 de xullo de 2012 un contrato con Dona María Consuelo Outón Otero para a **“Explotación dos servizos de tempada nas praias de Baltar e Canelas, así como a cesión de material para a explotación dos servizos nestas dúas praias (lote “B”)**”.

Ante o incumprimento da contratista citada das condicións de pagamento do prezo do contrato, canon e fianza, o órgano de contratación, neste caso, a Xunta de Goberno, previa proposta da Alcaldía de data 14 de agosto de 2015, adoptou por unanimidade o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

“””””2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CONVALIDACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE INCOACIÓN DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE BALTAR E CANELAS, ASÍ COMO A CESIÓN DE MATERIAL PARA A EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS NESTAS DÚAS PRAIAS (Lote B) : Dáse conta da Proposta da Alcaldía de 14 de Agosto actual, que literalmente di :

“””””Por resolución da alcaldía de data 22 de xullo de 2015 acordouse incoar expediente de resolución do contrato de **EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE BALTAR E CANELAS, ASI COMO A CESIÓN DE MATERIAL PARA A EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS NESTAS DÚAS PRAIAS**, que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Concello asinou o día 20 de xullo de 2012 un contrato administrativo con Dona **MARÍA CONSUELO OUTÓN OTERO**, polo que esta persoa se comprometía á **EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE BALTAR E CANELAS, ASI COMO A CESIÓN DE MATERIAL PARA A EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS NESTAS DÚAS PRAIAS**, cunha duración de CATRO ANUALIDADES (2012, 2013, 2014 e 2015), polo que actualmente está vixente.

O prezo do contrato era de 58.410 (CINCUENTA E OITO MIL CATROCENTOS DEZ) € ano co IVE, pola explotación dos servizos e 33.827,97 (TRINTA E TRES MIL OITOCENTOS VINTE E SETE CON NOVENTA E SETE) € ano co IVE pola cesión do material, a parte do abono do canón e a fianza fixados para cada anualidade polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, que debían ser aboados conforme ó disposto na cláusula 4ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que establecían para as anualidades a partir da primeira que o aboamento se debía realizar antes do 1 de agosto de cada ano incluído o canon e a fianza.

O interventor do concello mediante informe de 3 de xuño de 2015 sinalaba que á data de emisión do referido informe a débeda da adxudicataria correspondente ós anos 2013, e 2014 é de 21.172,28 (VINTE E UN MIL CENTO SETENTA E DOUS CON VINTE E OITO) € do ano 2013 e de 105.468,97 (CENTO CINCO MIL CATROCENTOS SESENTA E OITO CON NOVENTA E SETE) € do ano 2014, engadindo que “vistas as cláusulas 23 e 24 do Prego unificado de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas, informo que podía proceder á extinción do contrato por parte da contratista das obrigas asumidas na oferta con imposición de penalidades por atraso no pagamento (cláusula 24 b)) polo que é preciso incoar o expediente contradictorio previsto na normativa vixente.

O secretario do concello de Sanxenxo emitiu o informe que a continuación se transcribe:

INFORME DE SECRETARIA

A Alcaldesa en funcións do Concello de Sanxenxo (en diante Concello), asinou nun informe do interventor de data 3 de xuño de 2015 a indicación de que incoase o expediente contraditorio sinalado polo Señor interventor no referido informe como consecuencia da débeda co concello da adxudicataria do contrato de "Explotación do servizos de tempada nas praias de Baltar e Canelas, así como a cesión de material para á explotación destes servizos". Á vista do citado pola señora Alcaldesa en funcións procédese a emitir informe respecto da posibilidade de incoar expediente de resolución do citado contrato.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).
- R.D.1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

A cláusula 24 do prego unificado de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas sinala literalmente que "imporanse penalidades ó contratista cando incorra en algún incumprimento do contrato, previa incoación de expediente contraditorio e se prexuízo do estipulado neste prego para resolución do contrato".

Na mesma cláusula dentro do punto c) referido a incumprimentos moi graves encóntrase o non pagamento do prezo do contrato, do canón ou da fianza fixados polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra conforme ó sinalado no prego.

A cláusula 23ª do prego unificado de Cláusulas Administrativas Particulares sinala que o contrato, ademais do suposto do seu incumprimento extingúrase pola súa resolución, sendo as causas previstas no art. 206 e 274 do TRLCSP e no art. 206.e) do citado texto legal sinálase como causa a demora no cumprimento de prazos por parte do contratista

Do anteriormente exposto dedúcese que se da neste caso a causa de resolución citada no parágrafo anterior posto que Dona Mª Consuelo Outón Otero incumpriu as condicións de pagamento do contrato, canón e fianza, mantendo débedas do anos 2013 e 2014 tal e como se sinala no informe de intervención citado.

Tal como sinala o art. 109 do RXC a resolución do contrato acordaraa o órgano de contratación cumprindo os seguintes trámites:

- Audiencia ao contratista polo prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio.
- Audiencia no mesmo prazo ao avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía.
- Informe do Servizo Xurídico.
- Ditame do Consello Consultivo no caso de oposición do contratista.

CONCLUSIÓN

PRIMEIRO: Cómpre pola Alcaldía, órgano de contratación neste caso, incoar procedemento para a resolución do contrato asinado o 20/07/12 entre o **Concello de Sanxenxo** e Dona Mª Consuelo Outón Otero para a prestación do servizo de **"Explotación dos servizos de tempada nas praias de Baltar e Canelas, así como a cesión de material para a explotación dos servizos nestas días praias (lote**

“B”) incumpriu as condicións de pagamento do prezo contrato, canón e fianza, mantendo débedas do anos 2013 e 2014 tal e como se sinala no informe de intervención 3 de xuño de 2015.

SEGUNDO: No expediente de resolución deberán cumprirse os trámites do art.109.1 do RXC, citados neste informe dentro dos fundamentos dereito.

TERCEIRO: Independentemente do expediente de resolución do contrato pódese incoar expediente contraditorio para impoñer penalidades por falta de pagamento do prezo do contrato, canón e a fianza.

CUARTO: Dado o evidente prexuízo causado ó concello como consecuencia do incumprimento do pagamento no desenvolvemento do expediente deberase comprobar a existencia de responsabilidades que poidan dar lugar a incautación da fianza.

Á vista do anteriormente exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: incoar **procedemento para a resolución do contrato** asinado o 20/07/12 entre o **Concello de Sanxenxo** e Dona María Consuelo Outón Otero para a **“Explotación dos servizos de tempada nas praias de Baltar e Canelas, así como a cesión de material para a explotación dos servizos nestas dúas praias (lote “B”)”** por incumplir as condicións de pagamento do prezo contrato, canón e fianza, mantendo débedas do anos 2013 e 2014 tal e como se sinala no informe de intervención 3 de xuño de 2015.

SEGUNDO: incorporar ao expediente o informe de secretaría de data 20/07/15 e o informe de intervención de data 03/06/15 respecto da resolución deste contrato.

TERCEIRO: nos termos do art.109.1 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que aprobouse o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas dar audiencia por un prazo de dez días naturais ao contratista””””

Na tramitación do expediente figura o informe de secretaría de 14 de agosto de 2015 que a continuación se transcribe:

“INFORME DE SECRETARÍA

Por resolución da alcaldía de data 22 de xullo de 2015 acordouse incoar expediente de resolución do contrato de **EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE BALTAR E CANELAS, ASI COMO A CESIÓN DE MATERIAL PARA A EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS NESTAS DÚAS PRAIAS.**

A referida resolución realizouse en base ó informe de secretaría que na conclusión primeira indicaba textualmente que debía ser a alcaldía, órgano de contratación neste caso, quen tiña que incoar o expediente de resolución do contrato.

Comprobado o expediente de contratación que o órgano de contratación foi á Xunta de Goberno compe convalidar esta resolución subsanando o vicio de que adolece, mediante a súa ratificación e convalidación polo órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, e procedendo a continuar co todos os trámites citados nos fundamentos de dereito do informe de secretaría de data 20 de xullo de 2015, concretamente:

- Audiencia ao contratista polo prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio.
- Audiencia no mesmo prazo ao avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía.
- Informe do Servizo Xurídico.
- Ditame do Consello Consultivo no caso de oposición do contratista.”

A efectos de proceder a convalidar o erro producido propónse a adopción do seguinte acordo:

Á Xunta de Goberno Local, órgano de contratación do contrato de **EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DE BALTAR E CANELAS, ASÍ COMO A CESIÓN DE MATERIAL PARA A EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS NESTAS DÚAS PRAIAS**, convalidar a resolución da alcaldía de data 22 de xullo de 2015 que ordenou a incoación de expediente de resolución deste contrato rectificando o órgano competente para a incoación do expediente, e polo tanto acorda:

PRIMEIRO: incoar procedemento para a resolución do contrato asinado o 20/07/12 entre o **Concello de Sanxenxo** e Dona María Consuelo Outón Otero para a **"Explotación dos servizos de tempada nas praias de Baltar e Canelas, así como a cesión de material para a explotación dos servizos nestas días praias (lote "B")"** por incumprir as condicións de pagamento do prezo contrato, canón e fianza, mantendo débedas do anos 2013 e 2014 tal e como se sinala no informe de intervención 3 de xuño de 2015.

SEGUNDO: incorporar ao expediente o informe de secretaría de data 20/07/15 e o informe de intervención de data 03/06/15 respecto da resolución deste contrato.

TERCEIRO: nos termos do art.109.1 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que aprobouse o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas dar audiencia por un prazo de dez días naturais ao contratista".....".

Vista a fiscalización con carácter favorable do expediente por parte da Intervención Xeral de data 19 de Agosto de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a Proposta anteriormente transcrita.-----

En data 27 de agosto de 2015, María Consuelo Outón Otero, adxudicataria do contrato da "Explotación dos servizos de tempada nas praias de Baltar e Canelas, así como a cesión de material para a explotación dos servizos nestas días praias (lote "B")", recepciona oficio da Alcaldía de data 26 de agosto de 2015 con rexistro de saída nº 4937 co que se achega certificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, anteriormente transcrito, e comunicando que se lle concede un prazo de audiencia de dez días naturais, contados dende o seguinte á recepción do escrito, para que estime o que considere conveniente.

O 7 de setembro de 2015, e con entrada nº 9174, María Consuelo Outón Otero, adxudicataria do contrato da "Explotación dos servizos de tempada nas praias de Baltar e Canelas, así como a cesión de material para a explotación dos servizos nestas días praias (lote "B")", presenta escrito no que recoñece a débeda de todas as cantidades reflectidas no informe do Interventor Municipal de data 3 de xuño de 2015 e propón un plan de pagos para cancelar a débeda contraída.

Á vista da petición formulada, o Secretario Accidental emite informe en data 21 de setembro de 2015, non aceptando o plan de pagamentos proposto pola concesionaria, e procedendo a resolución do contrato e a incautación do aval depositado no concello para cumprir coas obrigas desprendidas do mesmo, debendo dar audiencia ao banco avalista no prazo de dez días naturais, e concluíndo que **"...o material municipal utilizado polo adxudicatario para a explotación non quedará en propiedade, como estaba establecido na cláusula 1 do prego de cláusulas administrativas particulares".....**.

En data 22 de setembro 2015, ten saída do rexistro xeral deste concello e co número 5286, oficio da Alcaldía de comunicación á entidade financeira "Banco Caixa Geral SA", do prazo de audiencia de dez días naturais, para a presentación de alegacións, si así o considera, respecto a incautación do aval bancario nº 120.322 de 2 de xullo de 2012 e de importe 15.633,55 euros. Transcorrido o prazo non se presentou alegación algunha ao respecto.

Á vista de todos os antecedentes expostos, e cumprindo co disposto no artigo 109.1 do Regulamento Xeral de Contratos, dase conta ao Consello Consultivo de Galicia, do expediente administrativo do contrato da "Explotación de servizos de tempada das praias de Baltar e Canelas", para a súa resolución, e especialmente, da Proposta da Alcaldía de data 21 de setembro de 2015, unha vez emitido, en data 25 de setembro de 2015, o preceptivo informe da Intervención, fiscalización emitida en sentido favorable.

Na citada Proposta de Resolución de data 21 de setembro se propón o que de seguido se transcribe:
"Esta alcaldía propón:

Primeiro: Resolver o contrato asinado o 20/07/2012 entre o Concello de Sanxenxo e Dona María Consuelo Outón Otero para a "Explotación dos servizos de tempada nas praias de Baltar e Canelas, así como a cesión do material para a explotación do servizos nestas praias (lote "B")" por incumprir as condicións de pagamento do prezo contrato, canon e fianza, mantendo débedas do anos 2013 e 2014 tal e como se sinala no informe de intervención 3 de xuño de 2015.

Segundo: Incautar o aval presentado para garantir as obrigas do contrato o día 02/07/2012 por importe de 15.633,55 Euros (aval asinado ante o Banco Caixa Xeral co número 120.322)

Terceiro: Que o material municipal utilizado polo adxudicatario para as explotación siga a ser de propiedade municipal non pasando a propiedade do mesmo ó adxudicatario en base ó incumprimentos anteditos"

A débeda que a adxudicataria do contrato, Dona María Consuelo Outón Otero, ten contraída con este concello, no momento presente, ascende a 228.897,22 euros, tal como se expón no Informe da Intervención de data 25 de setembro, antes citado, no que se sinala:

"... A día de hoxe xa foi emitida a factura 8/2015 por un importe de 97.088,97 Euros pola explotación dos servizos do ano 2015, que sumados ó canon de Costas correspondente ó ano 2015 dos dous kioscos que ascende a un total de 5.177,00 euros, sumada á débeda do ano 2013 e 2014 ascende a un total 228.897,22 euros."

A continuación o Concello de Sanxenxo remitiu o expediente ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do preceptivo ditame. Recibido polo órgano consultivo o citado expediente o 16 de outubro de 2015, emitiu ditame de data 28 de outubro de 2015, recibido neste concello o 3 de novembro de 2015, que na súa conclusión indicaba que informaba desfavorablemente a proposta de resolución no sentido indicado no corpo do ditame, que no seu punto cuarto sinalaba que si procedería a resolución do contrato en base á argumentación que se transcribe literalmente:

"Cuarta.- Cuestión distinta sería que o contratista seguirá conservando as instalación ao amparo da letra p) da cláusula 22 – aínda que como antes se apuntou, o último ano semella que o prazo de finalización do contrato é o do 30 de setembro-, suposto que non aparece recollido de xeito expreso no expediente. Neste caso, e en aras de non demorar o procedemento de resolución do contrato – suxeito aos perentorios prazos da caducidade-, este Consello Consultivo considera que, de ser este o caso, si procedería resolver o contrato, pois este non se atoparía concluso ao recaer sobre a adxudicataria o deber de conservación do material.

No caso de atoparnos neste suposto, acreditadas polo Concello e recoñecidas pola adxudicataria as cantidades pendentes de pago, -unha importante suma de cantidades en concepto de prezo, canon e fianza-, procedería a resolución contractual proposta ao non poder terse en conta as alegacións da contratista sobre os motivos da súa demora, toda vez que é principio admitido sen contradición que o contrato é executado ao risco e ventura do contratista.

O contrato analizado é cualificado como contrato especial que, de conformidade co artigo 19.2 do TRLCSP dispón que "2. Los contratos administrativos se regirán, en cuanto a su preparación, Adjudicación, efectos y extinción, por esta Ley y sus disposiciones de desarrollo; supletoriamente se

